## COLABORAN

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

DEPORTE GALEGO

SONDEOS NIGRÁN

SERVI OCIO GESTIÓN DE INSTALACIONES DEPORTIVAS

FRUITAS Vilar BAIONA

SINFOMAC Servicios Informáticos

dalot

Rosquillas Cristaleiro

Costas

Construcciones Iglesias

SAÚDE VIGO FISIOTERAPIA

FERRETERIA VINCIOS

Paz HOSTAL

POWERADE bebida para deportistas

Garabullo fisioterapia

Granitos Meira

## ORGANIZAN

Concello de Nigrán

Nigrán

S. ATLÉTICA VAL MIÑOR



# VIII Carreira pola Praia

Nigrán area

## SÁBADO 11 DE AGOSTO

10:00 HORAS

PRAIA DE PANXÓN

TODAS AS CATEGORÍAS

**Información e inscricións:**

www.carreirasgalegas.com

Piscina Mancomunada do Val Miñor

Oficina de turismo de Praia América *

* (só categorías menores de pitufos a cadetes)

# VII NIGRÁN AREA

## REGULAMENTO DA CARREIRA

**Art. 1)** A Sociedad Atlética Val Miñor e mailo Concello de Nigrán, organizan o día 11 de agosto do 2018 o **VIII Nigrán Area** de atletismo pola area,que dará comezo as **10:00h.**

**Art.2)** Poderán participar cantas persoas o desexen, estean ou non federadas. O control da carreira estará a cargo dos Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

**Art.3)** Os circuitos discorrerán entre o Muelle de Panxón e Praia América, son circuitos llanos sobre a area mollada da praia, coa marea baixa.

**Art.4) CATEGORIAS, DISTANCIA, HORARIOS E ORDEN DE SAIDA.**

| | CATEGORÍA | ANO | DISTANCIA |
|---|---|---|---|
| 10:00 | Cadetes Femininos/Masculinos | 2003/2004 | 2.000 m |
| 10:15 | Infantís Femininos/Masculinos | 2005/2006 | 1.500 m |
| 10:30 | Alevíns Femininos/Masculinos | 2007/2008 | 1.000 m |
| 10:40 | Benxamíns Femininos/Masculinos | 2009/2010 | 500 m |
| 10:45 | Pre_benxamíns Femininos/Masculinos | 2011/2012 | 300 m |
| 10:50 | Pitufos Femininos/Masculinos | 2013/2014 | 100 m |
| 11:00 | CARREIRA ABSOLUTA | 2002/anteriores | 6.000 m |
| 12:00 | ENTREGA DE PREMIOS | | |

Na carreira absoluta haberá as seguintes categorías:

| | |
|---|---|
| Xuvenís 2001/2002 | Máster A de 35 a 44 anos Fem/Mas. |
| Junior 99/2000 | Máster B de 45 a 54 anos Fem/Mas. |
| Promesa/Sénior 1998 ata Máster | Máster C de 55 anos en adiante Fem./Mas |

**Art.5) LUGAR DE SAIDA E PERCORRIDO.**
Os circuitos discorrerán entre o Peirao de Panxón e Praia America, son circuitos chás sobre a area mollada da praia, ca marea baixa.

**Art.6) INSCRICIONS.**
Será obrigatorio: Nome e apelidos, data de nacemento, localidade, dni ou pasaporte, sexo, nº de licenza federativa si a ten, teléfono de contacto e nome do club no caso de non ser independente.
O prazo remata o xoves 9 de agosto ás 22 horas, a organización será rigorosa co periodo de peche das inscricións.

INSCRICIONS CARREIRA ABSOLUTA DE XUVENIS A VETERANS
Terán un custe de 6 €.
Farase acedendo a páxina web da Federación Galega de Atletismo no enlace: www.carreirasgalegas.com, onde será obrigatorio facer o ingreso dos 6€ con tarxeta na pasarela de pago e cubrir os datos solicitados no formulario.
Tamén se poderá facer nos seguintes lugares, onde o pago será feito en efectivo:

. Piscina Mancomunada do Val Miñor en A Ramallosa –Nigrán (Serviocio).
A carreira absoluta, está limitada a 1.000 participantes.

INSCRICIONS CARREIRAS MENORES DE PITUFOS A CADETES
Será **gratuita** poderase facer nos mesmos lugares indicados anteriormente, ou na oficina de turismo de Praia América. As categorías menores NON levarán chip.

**Art.7) RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS.**
Os dorsais e chip, serán entregados polo club organizador o día anterior á proba no Pavillón de Deportes de Panxón en horario de 17:00 a 20:00 horas e o mesmo día da proba (ata 30 min. antes da celebración da carreira) debendo os atletas levar o dorsal visible e sen dobreces no peito, e respectar a publicidade impresa se a houbese durante toda a proba. Ante calquer dúbida e imprescindible presentar o xustificante de pago para retirar o dorsal.

**Art.8) PREMIOS.**
Outorgaranse trofeos aos tres primeiros de cada categoría tanto feminina como masculina e medalla conmemorativa do 4º ao 10º nas categorías de Alevín ata cadete e a todos os pitufos, prebenxamins e benxamins ate fin de existencias. Premiarase ao 1º atleta feminino e masculino do Val Miñor na carreira absoluta.

Os premios individuais non serán acumulables.

Haberá recordo conmemorativo para os 1000 primeiros inscritos da carreira absoluta.

A organización poderá esixir a documentación de todas/os aquelas/es participantes que leven premio.

**Art.9)** Todo corredor que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descalificado.
O peche do control na carreira absoluta, producirase o cabo de 50 minutos do comezo da proba.

**Art.10)** Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

**Art.11)** As reclamacións ós resultados oficias, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Arbitro da Competición non mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

**Art.12) SERVIZOS.**

· Avituallamento o fin da carreira.
· Haberá un servizo de ambulancia dispoñible durante o evento.
· Haberá servizo de duchas no Pavillón Municipal de Deportes de.Panxón.

**Art .13) SEGURO.**
Todos os participantes estarán amparados por una póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluidos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluidos os casos producidos polo desprazamento ó lugar de competición ou desde o mesmo. A organización non se fará responsable de calquer tipo de daño material ou moral que se poda ocasionar como consecuencia da participación voluntaria neste evento.
A inscrición implica ler, ter entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores, comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores.
Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**Art.14)** Todos os participantes polo feito de tomar a saída aceptan o presente regulamento. Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os dereitos de acceso, rectificaión, cancelación e oposición mediante un escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow, 13 – 15008 A Coruña.

Conforme a L.O.P.D. 19/99 a Sociedad Atlética Val Miñor informa que seus datos son gravados nos nosos arquivos para a xestión da relación contractual. Vostede pode exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través do envío dun correo electrónico a savalminor@hotmail.com